facendo igualdade

Contidos de sensibilización en materia de igualdade laboral elaborados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e dirixidos a todas as empresas galegas.

Conciliación e corresponsabilidade

SABÍAS QUE...?

As medidas de conciliación deben ser aplicables tanto a mulleres como a homes, para favorecer así, a corresponsabilidade cando se asuman tarefas na conciliación familiar.

PARA QUE SERVEN AS MEDIDAS DE CONCILIACIÓN?

Para que todas as persoas da organización poidan desenvolver de forma simultánea os diferentes aspectos da súa vida no ámbito persoal, familiar e profesional. Responden a necesidades relativas ao **coidado de familiares dependentes ou ao seu ámbito persoal e de tempo libre**.

QUE É A CORRESPONSABILIDADE?

É un termo que fai referencia á distribución equilibrada, equitativa e funcional da planificación, organización e realización dos labores domésticos, do coidado de menores e de persoas dependentes, dos espazos de educación e do traballo remunerado. A corresponsabilidade nas empresas basease na comunicación e negociación para buscar solucións entre as persoas traballadoras e a empresa, e tamén na flexibilidade como mecanismo para cubrir as expectativas de ambos.

QUE MEDIDAS DE CONCILIACIÓN EXISTEN?

As empresas poden seguir **dous camiños**:

Mellorar as condicións establecidas por lei para favorecer a conciliación das persoas traballadoras. Por exemplo, incrementar os días de permiso ou rebaixar os mínimos esixidos para optar a unha medida de conciliación.

Deseñar medidas novas que non estean recollidas en ningunha norma de obrigado cumprimento. Por exemplo, a implantación do horario europeo, a creación dun comedor de empresa etc.

As medidas de conciliación poden agruparse en **cinco categorías**:



Medidas de flexibilidade temporal (relacionadas coa distribución da xornada laboral e a adaptación ás necesidades das persoas traballadoras).

Medidas de flexibilidade espacial (relacionadas coa adaptación do lugar e /ou do espazo de traballo ás necesidades das persoas traballadoras).

Servizos de atención ás persoas (facilitan o acceso a servizos de atención a persoas dependentes).

Medidas de adaptación do posto de traballo (actívanse por situacións puntuais da persoa traballadora e implican modificacións no posto de traballo).



Beneficios sociais (beneficios financiados total ou parcialmente pola empresa que contribúen a mellorar a xestión do tempo da persoa traballadora, e que afectan indirectamente ao seu grao de conciliación).

E MÁIS!!!

Podes ampliar información e coñecer os detalles destas medidas consultando na web de igualdade laboral da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na epígrafe de Conciliación.

Onde podo aprender máis sobre igualdade na empresa?

aigualdadelaboral.gal

igualdade-laboral.gal